

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 06 DE MAIO DE 2020.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS** do día **SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO (asiste por videoconferencia)**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 153/2020. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO.**
- 3º.- **URBANISMO.**
- 4º.- **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte Acta:

- 05 de marzo de 2020

2º.- **EXPTE. 153/2020. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PERSOAL, EMPREGO E COMERCIO DE CONCESIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPREGO.**

2.1.- Solicitud presentada por LAURA BARREIRA CRESPO.

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, M^a Pilar Peón Iglesias de 04 de maio de 2020, con referencia á solicitude de Dna. Laura Barreira Crespo de 25 de febreiro de 2020, con nº de rexistro de entrada 2020-E-RC-832, con cargo ás Axudas Municipais á Creación de Emprego, de acordo coas bases e convocatoria de 2020, na que se sinala o seguinte:

“Visto, que achega a documentación requirida nas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación:

Puntos	Euros
Apertura de local	----
Alta Autónomo	600
Contratación Persoal	----
Plus por Proxectos do Sector Primario, relacionado co Medioambiente ou I+D+I	----



Muller monoparental con cargas familiares

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder a subvención por importe de 600,00.- € a Dna. Laura Barreira Crespo.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2020 ata 31 de decembro de 2020”.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA prestar aprobación á proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, de data 4 de maio de 2020 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo á Intervención aos efectos oportunos.

2.2.- Solicitud presentada por NOELIA VÁZQUEZ MARTÍNEZ.

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, M^a Pilar Peón Iglesias de 04 de maio de 2020, con referencia á solicitude de Dna. Noelia Vázquez Martínez de 5 de marzo de 2020, con nº de rexistro de entrada 2020-E-RC-992, con cargo ás Axudas Municipais á Creación de Emprego, de acordo coas bases e convocatoria de 2020, na que se sinala o seguinte:

“Visto, que achega a documentación requirida nas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación:

Puntos	Euros
Apertura de local	300
Alta Autónomo	600
Contratación Persoal	----
Plus por Proxectos do Sector Primario, relacionado co Medioambiente ou I+D+I	----
Muller monoparental con cargas familiares	----

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder a subvención por importe de 900,00.- € a Dna. Noelia Vázquez Martínez.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2020 ata 31 de decembro de 2020”.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA prestar aprobación á proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, de data 4 de maio de 2020 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo á Intervención aos efectos oportunos.

3º.- URBANISMO.



En relación ós danos ocasionados no cruceiro da parroquia de Grava, dase conta do informe da Policía Local nº 84/20, de data 29 de abril de 2020, que transcríbese a continuación:

"N/Ref.: informe: 84/20

Asunto: DANOS EN CRUCEIRO NA PARROQUIA DE GRAVA

Persoados o axentes con T.I.P. 265005 e 265006, no lugar de Eirexe, parroquia de Grava, Silleda, o día 11 de novembro de 2019, por mor do aviso dun veciño da mesma parroquia, que indica que o cruceiro que se atopa xunto a igrexa presenta danos, e feitas as averiguacións oportunas naquel intre, informase o seguinte:

- Que fronte a igrexa parroquial de Grava atópase instalado un cruceiro de pedra.
- Que dito cruceiro presenta danos na súa base que semellan ser producidos polo impacto dalgún vehículo, resultando removidas algunhas das pedras que conforman o asentamento do mesmo.
- Que preguntados os veciños sobre se coñecen algún dato do suceso manifestan non ter coñecemento da autoría ou responsabilidade dos danos causados, engadindo que o día anterior celebráronse eleccións xerais, e que houbo moita afluencia de persoas no lugar indicado, por atoparse alí ubicado un colexio electoral.
- Que no lugar dos feitos non se observa indicio algún que poida levar á identificación do responsable dos danos."

Visto que en relación a este suceso, polo Arquitecto Municipal, con data 05 de maio de 2020 emítase o seguinte informe:

"Expediente 630/2020
Emprazamento Eirexe, Graba
Referencia catastral 36052A04600212
ASUNTO: Danos en cruceiro de Graba

ANTECEDENTES

1. Consta no expediente informe da Policía Local asinado electrónicamente o día 29 de abril de 2020. Persoados o axentes con T.I.P. 265005 e 265006, no lugar de Eirexe, parroquia de Grava, Silleda, o día 11 de novembro de 2019, por mor do aviso dun veciño da mesma parroquia, que indica que o cruceiro que se atopa xunto a igrexa presenta danos, e feitas as averiguacións oportunas naquel intre, informase o seguinte:
 - Que fronte a igrexa parroquial de Grava atópase instalado un cruceiro de pedra.
 - Que dito cruceiro presenta danos na súa base que semellan ser producidos polo impacto dalgún vehículo, resultando removidas algunhas das pedras que conforman o asentamento do mesmo.
 - Que preguntados os veciños sobre se coñecen algún dato do suceso manifestan non ter coñecemento da autoría ou responsabilidade dos danos causados, engadindo que o día anterior celebráronse eleccións xerais, e que houbo moita afluencia de persoas no lugar indicado, por atoparse alí ubicado un colexio electoral.
 - Que no lugar dos feitos non se observa indicio algún que poida levar á identificación do responsable dos danos.(...)

INFORME:

2. O cruceiro danado forma parte do catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda aprobado provisionalmente o día 18 de decembro de 2012, e posteriormente aprobado provisionalmente o 16 de marzo de 2016, ficha que se xuntan como anexo.
3. Os danos provocados son a rotura dalgunhas pedras que conforman a base do mesmo e que ameazan a estabilidade do mesmo, o que provocaría danos ao elemento protexido e podería causar danos ás persoas.
4. Para corrixir esta incidencia, salvo mellor criterio da Xefatura Territorial de Patrimonio, proponse:
 - 4.1. Izado do cruceiro e o seu fuste, utilizando eslingas ou correas de material téxtil, e acopiándoo horizontalmente sobre pezas de madeira uniformemente distribuídas e nun lugar seguro no entanto dura o acondicionamento da base.



4.2. Este consistirá na remoción das pezas e posterior recolocación e aplomado, procurando que as pezas rotas volvan a encaixar na posición orixinal, encolándoas se fose o caso, sempre que esta cola non se perciba desde o exterior.

4.3. Finalmente, izado do cruceiro na súa posición e orientación orixinais.

5. No entanto estas obras non sexan levadas a cabo, propónse o apontoamento provisional do mesmo, evitando o contacto de partes metálicas coa superficie do cruceiro, de xeito que non se afecte á súa conservación.”

Pola Alcaldía infórmase da remisión dos informes técnico e da policía local a Xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo a fin de que emitan, se procede, o informe correspondente. Asimesmo polo Alcalde comunica ó Concelleiro de Obras que se inspeccione o mencionado cruceiro, e no caso de perigo para persoas se proceda o seu apuntalamo mentras non se pronuncie patrimonio.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4º.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA.

Vista a Resolución do 4 de maio de 2020 da Consellería do Medio Rural relativa á Orde do 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias.

Pola Alcaldía, propónse que se permita a celebración dos mercados tradicionais que teñen lugar no término municipal de Silleda, cumprindo a resolución anteriormente mencionada en canto a venda directa de produtos agrícolas e gandeiros, establecida no apartado 1 do artigo 2 da Orde de 23 de marzo de 2020 pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo de 2020, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores aos efectos da realización de actividades agrarias, coas seguintes condicións:

“En todo caso, os operadores comerciais participantes e as persoas usuarias dos mercados locais quedarán sometidos ás seguintes normas específicas:

a) *En canto aos postos.- Os postos deberán atoparse separados por unha vía de tránsito e cunha distancia mínima entre eles de 6 metros. Permítese unha separación mínima de 4 metros entre os laterais. Como forma de instalación dos postos na superficie do mercado, recoméndase unha disposición ao tresbolillo (en forma de triángulo equilátero, evitando que un punto de venda estea enfrontado a outro).*

Dentro dun mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar entre si unha distancia mínima de 2 metros, quedando restrinxida a actividade comercial a un único operador no caso de que as medidas do posto non fagan posible esta separación física.

Recoméndase aos responsables dos postos poñer a disposición da clientela luvas desbotables. En todo caso, será indispensable o uso de luvas para tocar os produtos en venda. Recoméndase contar con dispensadores de xel desinfectante



para uso tanto das persoas vendedoras como das persoas usuarias de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias.

b) En canto ás persoas vendedoras.- Serán as persoas titulares da explotación agraria con actividade inscritas na sección de venda directa (SEVEDI) do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.

c) En canto ás persoas usuarias .- A distancia mínima entre cada persoa usuaria do mercado será de 2 metros coas excepcións que establece ao efecto a normativa estatal.

A Policía Local, as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, e en xeral os axentes da autoridade, velarán por que dende o inicio ata a conclusión do mercado se respecte esta distancia mínima persoal, regulando se fose necesario o acceso para evitar aglomeracións e evitando na medida do posible calquera contacto social que non teña por obxecto a compravenda.

d) En canto á limpeza e recollida.- Os refugallos xerados polo mercado deberán ser depositados en bolsas dentro dos colectores instalados ao efecto polos servizos municipais de limpeza e recollida de lixo, e en todo caso observar as determinacións que ao respecto se establezan nas ordenanzas ou bandos municipais”.

A Xunta de Goberno Local acepta esta proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 06 de maio de 2020

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

